
PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE O NOVO CONTRATO DE RECOLLIDA DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIÁRIA

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte PREGUNTA ORAL, sobre o novo contrato de recollida de RSU e limpeza viaria, para a súa resposta no Pleno da corporación:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 27/12/2004, adxudicou a xestión por concesión administrativa do servizo de recollida de residuos urbanos e limpeza viaria no termo municipal de Santiago de Compostela á empresa URBASER SA por un canon anual de 6.689.900,00 euros. Posteriormente, o 3 de decembro de 2007, aprobouse a ampliación contractual incorporando a xestión dos puntos limpos do Tambre e Piñor, así como a ampliación do baldeo e rego de rúas e beirarrúas todos os días do ano por un importe total de 184.523,32 €/ano, que se incorporan ao canon anual. No prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato, no seu artigo 5, contéplase o seguinte:

“Duración da concesión: dez anos prorrogables por mutuo acordo por un período máximo de cinco anos a contar desde a data de formalización do contrato. O adxudicatario debe facerse cargo dos servizos concesionados desde o momento mesmo en que se produza a extinción do contrato da concesión actual, de xeito que non se produza interrupción da prestación dos servizos.”

O contrato foi obxecto de prórrogas anuais por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de abril de 2015, mentres se elaboraban os estudos técnicos e económicos precisos para realizar a nova licitación. Estes documentos, concretamente o prego técnico e o estudo económico, foron entregados ao goberno entrante no mes de xuño de 2019, quedando unicamente pendente de elaborar o prego administrativo.

Ademais, considerando a complexidade do servizo e de acordo cos técnicos municipais, o anterior goberno municipal lanzou una consulta preliminar ao mercado, figura recollida no artigo 115 da LCSP, para complementar e contrastar os pregos elaborados coa situación real do mercado. A estes efectos, seguindo as pautas do informe realizado pola xefatura do servizo de contratación, elaborouse un


cuestionario de preguntas orientado a obter, dos axentes do mercado, a mellor información para a determinación das solucións máis axeitadas en distintos aspectos do prego para desenvolver con garantías a licitación da prestación do servizo de recollida de residuos urbanos e limpeza viaria.


Tendo en conta que, tal e como define o contrato, no mes de abril do presente ano vence o contrato e a imposibilidade de máis prorrogas, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para a súa contestación oral a seguinte:

PREGUNTA:

- **Que previsións ten o goberno municipal para licitar o novo contrato de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria?**

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2020


Jorge Duarte Vázquez
Concelleiro do Grupo Municipal de Compostela Aberta


GRUPO MUNICIPAL

AO ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA